

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS “ASPANEPS” PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ENLACE PARA A PROMOCIÓN, TRATAMENTO E REHABILITACIÓN EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL NA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Dona María Elena Rodríguez Seoane, presidenta da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” de Ferrol con NIF: G-15036064, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

1. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma Galega e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

3. Que na área de saúde de Ferrol se precisa unha atención especial a este sector específico, sendo “ASPANEPS” unha entidade que vén dando resposta, sen interrupción no tempo, a esta necesidade na medida das súas posibilidades.

A Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas para os efectos de garantir a atención preferente ao sector da saúde mental infanto-xuvenil.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Este convenio ten por obxecto a realización, por parte da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS”, do “**programa de enlace para a promoción, o tratamento e a rehabilitación en saúde mental infanto xuvenil**”. No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O programa de enlace terá como obxectivo xeral apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración psicosocial, así como a súas familias e outros axentes sociais, a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitadoras que garanten unha saúde mental integral.

Os obxectivos específicos do programa de enlace son os seguintes:

- Apoiar e estimular o desenvolvemento de capacidades e competencias propias do nivel evolutivo dun xeito integrador que afectan o nivel de benestar e autonomía persoal.
- Fomentar, nos menores e nas súa familias, os recursos necesarios para unha axeitada xestión emocional, identificación de sentimentos, autocontrol e canles de expresión emocional.
- Promover experiencias de relación e traballo grupal que posibiliten unha axeitada educación emocional e o desenvolvemento de habilidades sociais efectivas.
- Dar apoio e sostén emocional ás familias en momentos críticos do ciclo vital; así como asesorar e orientar ás institucións relacionadas co menor.
- Favorecer a coordinación con outras institucións relacionadas co menor.

Para levar a cabo esta actividade se desenvolverán os seguintes protocolos de intervención:

P.1 Protocolo de Abordaxe Psicoeducativo e Psicoterapéutico en TEA.

P.2 Protocolo de Apoio e Asesoramento grupal con nais e nais de nenos/as con TEA.

P.3 Protocolo de Apoio Psicoeducativo e Psicoterapéutico en Nenos/as con dificultades na Aprendizaxe

P.4 Protocolo de Intervención Grupal en Adolescentes con Dificultades na Interacción Social.

P.5 Protocolo de Apoio e Asesoramento Grupal con proxenitores que afrontan sós a crianza na primeira infancia.

P.6 Protocolo de Abordaxe psicoeducativo e psicoterapéutico en problemas derivados de dificultades na crianza no grupo primario de apoio.

P.7 Protocolo de Apoio e Asesoramento Grupal a pais e nais de adolescentes con dificultades.

P.8 Protocolo de Coordinación Externa.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento de actuacións formativas na materia obxecto deste convenio, tanto dando traslado das necesidades detectadas, como colaborando no desenvolvemento dos programas.

SEGUNDA. A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 10% da contía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA. A Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

a) Cumprir ás directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde e o Responsable de saúde Mental da Area, en materia de saúde mental infantoxuvenil.

b) Realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado y da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste.

c) En caso de producirse denegación de solicitude de admisión ou de entrada ou reentrada a algún programa, remitir a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial no prazo de 10 días naturais unha memoria xustificativa onde se faga constar o motivo desta.

d) Deberán ter actualizados os rexistros e os sistemas de información que estean habilitados no dispositivo asistencial e remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial con periodicidade semestral, en soporte electrónico a actividade dos usuarios, facendo constar:

1. Número de admisións e intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade), diferenciando por grupos de idade e sexo.
2. Ausencias ás consultas programadas.
3. Relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
4. Volume de pacientes en cada un dos programas, diferenciando por grupos de idade e sexo.
5. Dispositivo de procedencia
6. Número de pacientes derivados a dispositivos de hospitalización psiquiátrica.
7. Diagnóstico principal e secundario segundo criterios CIE 10.
8. Número e data de celebración de reunións de coordinación con dispositivos de atención temperá,

saúde mental e servizos asistenciais pediátricos da área.

e) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.

f) Comunicar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación asistencial calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.

g) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.

CUARTA. No desenvolvemento da súa actividade, a entidade e os seus profesionais axustaranse á lei de protección de datos e ás instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Facilitarase por parte do Servizo Galego de Saúde un aplicativo informático específico para a xestión de datos xerados no desenvolvemento dos programas terapéuticos, cumprindo estritamente coa normativa en materia de cesión de datos e aplicando as medidas de seguridade pertinentes.

QUINTA. Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de cento corenta e un mil cento setenta euros (**141.170,00 €**), con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.12** co código de proxecto **201400028**, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para a ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

SEXTA. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

SETIMA. A contía indicada na cláusula QUINTA farase efectiva do seguinte xeito:

Tras a sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do mesmo, poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo a súa xustificación por un importe de ata un máximo do 25% da contía total do convenio, que a Asociación deberá solicitar presentando a seguinte documentación:

- Solicitud do anticipo.
- Memoria descritiva das actividades a realizar durante a vixencia do convenio.
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.
- Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no Anexo 3.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando as facturas e demais documentos de valor probatorio e a documentación acreditativa de pago que xustifique que os gastos foron efectivamente pagados e ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes dos mesmos. Esta relación ordenada de gastos se documentará segundo o modelo indicado no Anexo 1.

A data límite e improrrogable para presentar a solicitude e documentación dos pagos parciais será o 15 de Outubro de 2019.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se houberan concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

OITAVA. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. **A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2019.** De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.
2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

NOVENA. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados e efectivamente pagados dende o 1 de decembro de 2018 ata o 30 de novembro de 2019 e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calqueira das entidades solicitantes.

DECIMA. Con data límite do 15 de xaneiro de 2020, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2019 segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo primeira.

DECIMO PRIMEIRA. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO”(PR004A) dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO SEGUNDA. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO CUARTA. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que atermos ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA. A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO OITAVA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Asociación de Pais de Nenos
con Problemas Psicosociais “ASPANEPS”

Jesús Vázquez Almuiña

María Elena Rodríguez Seoane

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2 :MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias e tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

Número de pacientes atendidos no ano natural, desagregado por idade e sexo.

Medidas de coordinación establecidas con outras entidades do seu ámbito na área sanitaria de referencia (dispositivos asistenciais ou de intervención social, dispositivos de atención a saúde mental e de atención primaria, entidades adicadas ao desenvolvemento de programas atención precoz) detallando a frecuencia aproximada de reunións ou actividades. Actividades de investigación publicadas ou presentadas en congresos científicos.

Relación detallada de xornadas, cursos, congresos científicos e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.

4. Balance de ingresos e gastos:

Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito.
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
- Ingresos por cotas de socios e outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

Gastos:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: arrendamento/alugueiro, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
- Tributos.
- Gastos e perdas de exercicios anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

5. Reclamacións presentadas polas persoas usuarias: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 3 : DECLARACION RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE										
RAZÓN SOCIAL								NIF		
TIPO	NOME DA VÍA						NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		MUNICIPIO			LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).										
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)										
NOME/RAZON SOCIAL				PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE										
DATOS BANCARIOS										
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.										
TITULAR DA CONTA							NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
IBAN										
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:										
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:										
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.										
☐ Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:										
ORGANISMOS				ANO		IMPORTE (€)		DISPOSICIÓN REGULADORA		
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.										
2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.										
3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.										
4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.										
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE										
Lugar e data										
, de de										